



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PORTO DO SON

Convocatoria de subvenciones y ayudas públicas

ANUNCIO CONVOCATORIA Y BASES PARA LA CONCESIÓN DE SUBVENCIONES EN RÉGIMEN DE CONCURRENCIA COMPETITIVA A CLUBS Y ENTIDADES DEPORTIVAS DEL AYUNTAMIENTO DE PORTO DO SON. AÑO 2022

BDNS (Identif.): 643257

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/643257>)

Primero. Objeto

Esta convocatoria tiene por objeto establecer los criterios y procedimientos para la concesión de subvenciones, durante el ejercicio 2022, destinadas a promover actividades de los clubs y entidades deportivas del Ayuntamiento de Porto do Son.

Segundo. Entidades beneficiarias (requisitos)

Asociaciones y entidades deportivas sen ánimo de lucro válidamente constituidas, con domicilio social en el Ayuntamiento de Porto do Son y inscritas en el Registro Municipal de Asociaciones que se encuentren en alguno de los siguientes supuestos:

Que realicen actividades de interés municipal y certifiquen un mínimo de 20 deportistas federados, de los cuales el 75% residan en Porto do Son. Para estos efectos se computarán las licencias escolares (Programa Xogade de Deporte en Idade Escolar de la Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia) y los socios o miembros de clubs participantes en actividades no regladas o no federadas.

Que permitan la participación en su actividad a niños hijos de socios y no socios.

Que participen como mínimo en el 50% de los eventos federados y no federados en los que están inscritos.

Que desarrollen su actividad como mínimo durante 10 meses al año, con períodos de adiestramientos, entrenadores y horarios de adiestramiento fijos y semanales.

Que tengan actividades de deporte base o de competición federada en dichas categorías.

No podrán alcanzar la condición de beneficiarios de las ayudas las entidades que fuesen expulsadas de la competición por sanción en todas las categorías o por darse de baja en la competición en todas las categorías.

2.- Además de las condiciones detalladas en el párrafo anterior, para tener la condición de beneficiario de las ayudas los solicitantes deberán:

Non tener pendiente de justificar ninguna subvención concedida por el Ayuntamiento de Porto do Son.

Encontrarse al corriente en el cumplimiento de sus obligaciones tributarias y con la Seguridad Social.

No estar incurso en ninguna causa de incompatibilidad o prohibición de las mencionadas en el art. 13 da Lei 38/2003, de 17 de noviembre, general de subvenciones.

Tercero. Bases reguladoras

Ordenanza reguladora de la concesión de subvenciones por parte del ayuntamiento a asociaciones y entidades sin fines de lucro existentes en el ayuntamiento y a las comisiones de fiestas de las distintas parroquias (BOP nº 153 de 04/07/2008).

Cuarto. Cuantía

La cuantía global para las subvenciones reguladas en estas bases será de 10.000 euros, financiándose con cargo al crédito presupuestario consignado en la partida 341.48000 del presupuesto municipal vigente.

Este importe será repartido entre los beneficiarios según los criterios que se establecen en la base sexta, sin que la concesión implique para los beneficiarios derecho ninguno para años posteriores.

Quinto. Lugar y plazo de presentación de solicitudes

Las solicitudes se presentaran en el Registro Municipal o a través de la sede electrónica del Ayuntamiento, segundo el modelo previsto en el anexo I, acompañado de la documentación complementaria correspondiente.

El plazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles, contando desde el siguiente a la publicación oficial del extracto de la convocatoria en el Boletín Oficial de la Provincia de la Coruña (BOP).

Sexto. Plazo de justificación

El plazo de justificación terminará el 15 de noviembre de 2022.

Séptimo. Otros datos

El día de la publicación del presente extracto en el BOP se procederá a la publicación del texto íntegro de la convocatoria en la página web del ayuntamiento de Porto do Son <https://portodoson.gal/> y en el tablón de anuncios de la sede electrónica, en el que figura como anexos los modelos normalizados a los que habrán de ajustarse la presentación de solicitudes.

En Porto do Son

8/8/2022

El Alcalde - José Luís Oujo Pouso

ANUNCIO CONVOCATORIA E BASES PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA A CLUBS E ENTIDADES DEPORTIVAS DO CONCELLO DE PORTO DO SON. ANO 2022**BDNS (Identif.): 643257**

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencions, publíquese o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencions (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/643257>)

Primeiro. Obxeto

Esta convocatoria ten por obxecto establecer os criterios e procedementos para a concesión de subvencions, durante o exercicio 2022, destinadas a promover actividades dos clubs e entidades deportivas do Concello de Porto do Son.

Segundo. Entidades Beneficiarias (requisitos)

Asociacións e entidades deportivas sen ánimo de lucro validamente constituídas, con domicilio social no Concello de Porto do Son e inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións que se atopen nalgún dos seguintes supostos:

Que realicen actividades de interese municipal e certifiquen un mínimo de 20 deportistas federados, dos cales o 75% residan en Porto do Son. Para estes efectos computaranse as licenzas escolares (Programa Xogade de Deporte en Idade Escolar da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia) e os socios ou membros de clubs participantes en actividades non regradas ou non federadas.

Que permitan a participación na súa actividade a nenos fillos de socios e non socios.

Que participen como mínimo no 50% dos eventos federados e non federados nos que están inscritos.

Que desenvolvan a súa actividade como mínimo durante 10 meses ao ano, con períodos de adestramentos, adestradores e horarios de adestramentos fixos e semanais.

Que teñan actividades de deporte base ou de competición federada en ditas categorías.

Non poderán acadar a condicións de beneficiarios das axudas as entidades que fosen expulsadas da competición por sanción en todas as categorías ou por darse de baixa na competición en todas as categorías.

Ademais das condicións detalladas no parágrafo anterior, para ter a condición de beneficiario das axudas os solicitantes deberán:

Non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Porto do Son.

Atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Non atoparse incursas en ningunha causa de incompatibilidade ou prohibición das mencionadas no art. 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencions.

Terceiro. Bases reguladoras

Ordenanza reguladora da concesión de subvencións por parte do concello a asociacións e entidades sen fin de lucro existentes no concello e ás comisións de festas das distintas parroquias (BOP nº 153 de 04/07/2008).

Cuarto. Contía

A contía global para as subvencións reguladas nestas bases será de 10.000 euros, financiándose con cargo ao crédito orzamentario consignado na partida 341.48000 do orzamento municipal vixente.

Este importe será repartido entre os beneficiarios segundo os criterios que se establecen na base sexta, sen que a concesión implique para os beneficiarios dereito ningún para anos posteriores.

Quinto. Lugar e prazo de presentación de solicitudes

As solicitudes presentaranse no Rexistro Municipal ou a través da sede electrónica do Concello, segundo o modelo previsto no anexo I, acompañado da documentación complementaria correspondente.

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles, contando dende o seguinte á publicación oficial do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP).

Sexto. Prazo de xustificación

O prazo de xustificación rematará o 15 de novembro de 2022.

Sétimo. Outros datos

O día da publicación do presente extracto no BOP procederase á publicación do texto íntegro da convocatoria na páxina web do concello de Porto do Son <https://portodoson.gal/> e no taboleiro de anuncios da sede electrónica, no que figura como anexos os modelos normalizados aos que deberán axustarse a presentación de solicitudes.

En Porto do Son

8/8/2022

O Alcalde - José Luís Oujo Pouso

2022/4915